



Varios membros da asociación apuntalan as partes más danadas do tellado con remos e mastros.// D. B.

## OS GALOS EXECUTA AS LABORES DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN MÁIS URXENTES PARA EVITAR O COLAPSO DO ESTALEIRO DA BANDA DO RÍO

Diana Bernárdez

O derradeiro estaleiro de ribeira da Ría de Pontevedra resistirá. Non son poucas as edificacións que sobreviven a pesares de teren sido invadidas e saqueadas máis dunha vez ó longo da súa vida e seguen en pé. A batalla que semella librar 'a de Purro' é de desgaste. A asociación de amig@s das embarcacións tradicionáis Os Galos reuníuse o pasado mes de xullo para realizar labores de limpeza e mantemento na edificación.

Os traballos consistiron no apuntalamiento das vigas que más sufren os efectos da humidade que produce a auga da choiva ao atravesar as uralitas. Éstas levan rotas dende que se ergueu o tellado cun guindastre para embaldosar o paseo marítimo. Tres remos, dous mastros e algunha vara que a asociación garda no estaleiro serviron como puntais para tratar de sustentalo durante algúntempo máis e minimizar o perigo que supón tanto para poboación de Bueu coma para os milleiros de turistas que se achegan á vila e pasean polos

arredores da carpintería de ribeira. Amáis, ás tarefas de limpeza habituais, desbroce da maleza que medra no recinto, houbo que sumarlle a recollida de todo tipo de basuras procedentes do día a día do paseo.

### CUESTIÓN DE VONTADE

Con esta actuación, o colectivo pretende denunciar o desinterese das autoridades competentes no devir da construcción (Concello de Bueu, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia e o Servizo Provincial de Costas) xa que non están autorizados a acceder a el -precisamente polo risco que supón para todos- e esixe que se frene o deterioro que padece nestes momentos. "O único que fixeron dende a publicación dun informe que o declaraba en ruinas foi un valado metálico" recrimina o presidente da asociación, Víctor Domínguez. Quen tamén lembra que "o cerramento orixinal está apilado nunha esquina do estaleiro".